

RESOLUCIÓN REITORAL DO 13 DE XANEIRO DE 2011
DA UNIVERSIDADE DE VIGO POLA QUE SE RESOLVE
A CONCESIÓN DA ACHEGA COMPLEMENTARIA DE
376 EUROS POR MES DE ESTADIA DESTINADA AOS
BOLSEIROS/AS ERASMUS DO CURSO 2010-11


Co obxecto de cumprir o financiamento das axudas achegadas pola Unión Europea no marco do Programa de Aprendizaxe Permanente destinadas aos/as estudantes seleccionados/as para gozar dunha bolsa Erasmus no curso 2010-11, o Ministerio de Educación pública a orde EDU/2741/2010, de 13 de outubro, de bases reguladoras da achega complementaria ás universidades e institucións de ensino superior para o desenvolvemento do programa Erasmus.

Na Resolución de 18 de novembro de 2010 publicada no BOE de 26 de novembro de 2010, a *Secretaría General de Universidades* concedeu á Universidade de Vigo un importe de 727.936 euros destinados aos/as bolseiros/as Erasmus que foron titulares dunha bolsa universitaria concedida polo Ministerio de Educación durante o curso anterior á súa estadia Erasmus (curso 2009-10).

En virtude desta resolución, esta Reitoría

RESOLVE:

- A duración das estadias financiadas con cargo a estes fondos non superará os 8 meses, como estipula o artigo 7 da orde EDU/2741/2010.
- Conceder unha axuda complementaria de 376 euros por mes de estadia con cargo a todos/as os/as Bolseiros/as Erasmus seleccionados no curso 2010-11 que foron titulares dunha bolsa universitaria do sistema xeral concedida polo *Ministerio de Educación* durante o curso 2009-10.



- A axuda complementaria aboarase en dous pagamentos con cargo á partida orzamentaria ORI211IDERA492:
 - o Un primeiro pagamento de 350 euros por mes de estadia. Aboarase a todos/as os/as bolseiros/as tras o envío á Oficina de Relacións Internacionais do certificado de chegada, documento solicitado coa convocatoria Erasmus 2010-11.
 - o Segundo pagamento realizarase en función do número de meses totais de estadia que os estudantes deberán xustificar co certificado de fin de estadia, documento solicitado coa convocatoria Erasmus 2010-11.
 - o Realizarase un único pagamento polo importe total da bolsa se no momento de ordenar o primeiro ingreso o/a estudante xa rematou a súa estadia como Erasmus.
 - No caso o de que non se leve a cabo a estadia ou parte dela, sen causa xustificada, ou non se entregue a documentación solicitada, o/a bolseiro/a deberá devolver a contía íntegra ou parcial da bolsa. A Universidade de Vigo reservarse o dereito a reclamar o importe da axuda, polo incumprimento das bases desta norma.
 - Non se garante o pagamento íntegro das axudas aos/as estudantes que solicitaron prótoga da súa estadia na universidade de destino ao longo do curso 2010-11.

Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.


Así e todo, o interesado poderá optar por interpoñer conta esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá a interposición do recurso contencioso-administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O REITOR

Por Delegación (R-R- do 24/06/2010)

O vicerreitor de Relacións Internacionais

Manuel J. Fernández Iglesias



DILIXENCIA para facer constar que esta Resolución publícase con esta data no taboleiro desta Universidade.
Vigo, 13 de xaneiro de 2011

A secretaria do vicerreitor de Relacións Internacionais
Henar Omiñas Salgado